


CONVOCATORIA DE AXUDAS AO ESTUDO CURSO 2025-2026

A *Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales*, entidade xurídica titular da Escola Universitaria de Traballo Social, co obxecto de cumprir a vontade fundacional, e con cargo ao seu orzamento, acordou a concesión de Axudas para colaborar aos gastos do ensino e propiciar así a igualdade de oportunidades, coas seguintes condicións:

- ❖ As axudas consisten nunha **redución parcial das cotas de matrícula** que as/os estudantes deben satisfacer á E.U.T.S., sen que repercutan en ningún caso nas contías por prezos públicos que a/o estudante deba aboar á universidade.
- ❖ Poderá solicitar a axuda o estudantado matriculado en **1º, 2º, 3º, 4º de Grao e Curso Ponte**.
- ❖ O **impreso de solicitude** deberá descargarse na páxina web www.euts.es, ou recollelo no negociado do centro. Unha vez cuberta a solicitude, a/o interesada/o deberá entregala na Secretaría da EUTS acompañada de toda a documentación requirida antes da data de peche da convocatoria.
- ❖ As/Os solicitantes deberán cumprir os seguintes **requisitos**:

Requisitos académicos:

- Non ser licenciada/o, enxeñeira/o, enxeñeira/o técnico ou diplomada/o (salvo para estudantes do Curso Ponte).
- Ter máis de cinco puntos de nota media no expediente académico e non ter pendente máis do 30% dos créditos nos que estivera matriculada/o no curso anterior, no seu caso.
- As axudas non se aplicarán para cursos ou materias que a/o estudante repita ou si se matricula nun número de materias ou créditos inferior ó 60% do que corresponde ao promedio dun curso ordinario ou convalida unha porcentaxe igual ou superior ao 40% dos créditos do curso.
- No caso do estudantado de novo ingreso (1º), terase en conta a nota de acceso á universidade.



Requisitos económicos:

- Non superar unha renda familiar neta de 30.000,00€ para familias de tres membros (polo 4º e 5º máis, engadirase a esta cantidade 3.600,00€ e polo 6º e sucesivos 2.600.00€), en ambos casos por cada membro.
- Nos casos de autónomos, profesionais e industriais, non superar un movemento empresarial de 150.000,00€.

❖ A solicitude deberá estar acompañada dos **seguintes documentos**, que de non ser presentados coa mesma, causará a súa desestimación:

- Fotocopia da folla de matrícula na Universidade.
- Fotocopia do seu expediente académico actualizado, onde conste a nota media (estudantado que continua estudos). No caso do estudantado de novo ingreso deberá presentar copia do documento onde conste a nota que lle dou acceso á universidade.
- Fotocopia completa da ou das declaracións do Imposto sobre a Renda da unidade familiar na que figure incluída/o a/o solicitante, correspondente ao último exercicio, salvo que dita unidade pola contía dos seus ingresos estivese exenta de efectiva, situación que deberá xustificar oportunamente. No entanto o anterior, no caso de estar exento debe achegar certificado de ingresos de cada un dos membros da unidade familiar.
- En caso de separación ou divorcio é necesario acreditar o importe actualizado da pensión percibida do ano en curso ou, no seu defecto, documentar que non se percibiu.

❖ Poderanse recadar da/o solicitante outros documentos ou informacións que se consideren precisos.

❖ A concesión das axudas notificarase por escrito as/aos beneficiarios, expoñéndose as listas no taboleiro da Escola.

DATA LÍMITE PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: do 17 ao 27 de novembro de 2025

NOTA: As axudas concédense unicamente para un ano académico e teñen que ser novamente solicitadas si se desexa a súa renovación.